

APROXIMACIÓN A CONCEPTOS DE SOCIOLINGÜÍSTICA

ESTEREOTIPOS: son ideas preconcebidas (que non se fundamentan propiamente na experiencia) e visións simplificadoras atribuídas ás persoas dun grupo polo simple feito de pertenceren a ese grupo. Exemplo, en España temos o estereotipo de que os alemáns son moi traballadores e organizados (positivo) ou que os musulmáns son intolerantes (negativo).

PREXUIZOS: son preferencias ou rexeitamentos que sentimos por cousas ou ideas antes de coñecelas a fondo. **Os prexuízos lingüísticos** son as preferencias ou rexeitamentos que sentimos por trazos lingüísticos ou linguas enteiras; son as crenzas simplificadoras sobre as linguas, os dialectos, os acentos etc.

A raíz dos prexuízos e valoracións negativas sobre o idioma galego está no denominado **autoodio** asentado en amplas capas de sociedade, caracterizado polo rexeitamento e minusvaloración dos propios sinais de identidade, provocado pola marxinación que o noso idioma viviu durante varios séculos.

Os **usos diglósicos** e a **ruptura da transmisión xeracional** son dúas gravísimas consecuencias dos prexuízos lingüísticos.

BILINGÜISMO: unha persoa é bilingüe cando ten competencia en dúas linguas e fai un uso igual de cada unha delas, sen que este uso apareza marcado por ámbitos ou consideracións sociais. Unha sociedade sería bilingüe se nela se dese unha utilización das dúas linguas nun nivel de igualdade. Esta é unha situación ideal, pois ao existiren dúas linguas en contacto sempre se dá unha situación de desigualdade.

Se non existisen estes prexuízos poderíamos falar dun **BILINGÜISMO HARMÓNICO** entre as dúas linguas, unha convivencia pacífica na que cada quen fale o que lle apeteza e domine ben os dous idiomas. Esta solución pode hoxe darse en determinados falantes mais aínda semella utópica no conxunto da sociedade na que seguen vixentes os citados prexuízos lingüísticos.

DIGLOSIA: se no seo dunha sociedade en que se fan dúas linguas se emprega unha ou outra en función dos diferentes contextos comunicacionais e sociais, dise que existe unha situación diglósica.

Unha das linguas funciona sempre como lingua A: é a que ten maior prestixio social (úsase nos contextos relevantes e nas situacións normalizadas). A outra funciona como lingua B: a de menos prestixio (emprégase sobre todo nos contextos familiares e informais).

CONFLITO LINGÜÍSTICO: existe conflito lingüístico entre dúas linguas dentro dunha sociedade cando compiten por asumir un maior número funcións sociais e de falantes, de maneira que o uso dunha lingua ou doutra constitúe un indicador simbólico da posición social.

Trátase dunha disputa polos espazos sociais prestixiados, pero non só iso. Trátase tamén do cuestionamento duns valores prevalentes durante un tempo na sociedade. A lingua é unha das características identitarias asociadas aos grupos humanos e a súa reivindicación é unha mostra dos esforzos dese grupo humano por saír da marxinabilidade e acadar igualdade e recoñecemento social. Esta situación de inestabilidade propia de todo conflito pode resolverse mediante un complicado proceso de **normalización lingüística**.

SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA: é consecuencia da diglosia, mediante a cal a lingua B pode ir esmorecendo ata finalmente desaparecer. Os seus falantes deixan de empregala para comunicarse entre si e, sobre todo, deixan de falárllela aos fillos, pois non a consideran útil.

No caso do galego, o proceso substitutivo segue avanzando, sobre todo nas zonas urbanas e nas capas máis novas da poboación, e vai desprazando o galego de usos que lle foron tradicionalmente propios e que mantiveron a súa vitalidade ata os nosos días, como poden ser os coloquiais, familiares ou laborais. A **ruptura da TRANSMISIÓN XERACIONAL** é o fenómeno máis preocupante que está a vivir o noso idioma e o que máis sombras deixan sobre o seu futuro.

LINGUA HEXEMÓNICA/DOMINANTE: é aquela que goza dun gran prestixio social, determinado pola existencia dun poder político-económico que as potencia. Cantas máis funcións matrices cumpra unha lingua (é dicir, que se empregue na industria, na educación, na política, no comercio...), maior prestixio social acadará.

LINGUA MAIORITARIA: é aquela que é empregada habitualmente pola maioría dos habitantes dun país, razón pola que se utiliza para un amplo número de funcións (na administración, no ensino, nos medios de comunicación etc.)

LINGUA MINORITARIA: é aquela que conta cun reducido número de falantes. Uns autores cifran ese número en menos de 20.000, mentres outros elévano a menos de un millón de usuarios. En todo caso, as linguas minoritarias poden presentar moi diferentes status e niveis de vitalidade. Algunhas delas están en claro perigo de extinción, pero outras, como o islandés, con 200.000 falantes, gozan dunha situación de plena normalidade dentro do seu territorio.

LINGUA MINORIZADA: é aquela á que se lle negan dun xeito ou doutro as condicións para poder desenvolverse con plena normalidade dentro da súa propia comunidade. Atópase nunha situación de inferioridade ao ver restrinxidos os seus usos públicos (medios de comunicación, administración de Xustiza, vida comercial, publicidade, ensino, burocracia, liturxia etc.) e mesmo privados.

LINGUA MATERNA: por lingua materna enténdese a primeira lingua que aprende un ser humano na súa infancia e que normalmente convértese no seu instrumento natural de pensamento e comunicación.

A NORMALIZACION LINGÜÍSTICA: falamos de proceso de normalización lingüística cando estamos ante a recuperación dunha lingua que, sendo propia dunha comunidade, foi desprazada por outra foránea e viu restrinxidos os seus usos, especialmente os máis prestixiosos. A normalización lingüística supón a adquisición de ámbitos de uso dun idioma en todas as funcións sociais e culturais posibles, isto é, persegue que o uso do galego sexa un feito cotián, sobre todo nos ámbitos nos que estivo relegado como o ensino, os medios de comunicación ou a Administración.

A NORMATIVIZACIÓN: enténdese como a elaboración e o establecemento das normas ortográficas, gramaticais e léxicas que constitúen o galego estándar, para empregalo correctamente en todas as situacións normalizadas: ensino, medios de comunicación etc.

DESERCIÓN LINGÜÍSTICA: abandono da lingua materna en favor da lingua hexemónica por factores sociais, económicos, culturais ou políticos.

AXENTES DE TRANSMISIÓN LINGÜÍSTICA: factores que inflúen na transmisión interxeracional dunha lingua. Hai de dous tipos:

- Interpersoal: a familia e a contorna.
- Institucionalizada: escola, nos medios de comunicación...